

Opereta de animais

Teatro Xenial achega de Neira Cruz ao xénero dramático para cativos

Tras a publicación d'*O punto da escarola* estamos a comprobar que Xosé Antón Neira Cruz se move cunha envexábel destreza no xénero dramático, contribuíndo a consolidar esta literatura para a infancia, no que tamén intervéñe de maneira decisiva a convocatoria de dous premios institucionais, o Manuel María e o Barriga Verde; galardón este último que na súa (xa) sexta edición, e na modalidade de monicreques, premiou *O punto da escarola*.

Definida como “Titiríópera en tres actos” a obra, efectivamente, arreda a estrutura dos musicais clásicos para achegarlles aos lectores-espectadores máis cativos unha ópera particular: a que desenvolven os bechos dunha horta. Non falta, así, un saltón nugallán que, baixo o nome de Mestre Choupín, dirixe unha obra á que lle falta o punto final; un chinche chinés, Birim Bao, axudante de dirección que supón a voz do sentido común; unha diva do *bel canto*, a abella Madama Manteiga Fly, e mais o correspondente divo, un grilo chamado Pandolfo Malatesta. Velaí os protagonistas que se poñen á obra cun obxectivo común, representar a ópera para a Raíña das

Formigas e evitar os impedimentos que xorden, coma o namoramento do chinche Birim Bao da barbantesa británica Miss Teriosa e, sobre todo, evitar que os coma a todos o sinistro picapaus Tron Peta Pouco. Tres formiguiñas graciosas, Fina, Lina e Minia, fan labores de coro.

Neira Cruz constrúe, así, un texto baseado na estrutura tradicional do relato infantil á que achega unha linguaxe áxil e fresca, cargada de chiscadelas de ollo á actualidade (cursos de inglés anunciados pola radio, referencias ecolóxicas...) e, sobre todo, chea de referencias á ópera, non só a través dos personaxes ou do propio tema da obra, senón tamén a través das cantigas que interpretan aquí e alá os personaxes.

Perfectamente medida, *O punto da escarola* podería ter unha fermosa posta en escena para a que, desde aquí, quixera animar ás compañías de monicreques de Galicia. As vistas e expresivas ilustracións de Marcos Calo poderían, sen dúbida, contribuír a un deseño de escenografía do mesmo xeito que contribúen a que este libro, editado por Baía, sexa fermoso desde múltiples puntos de vista: o estético, polo coidado da edi-

O punto da escarola ·

Xosé Antón Neira

Cruz, Marcos Calo

(ilustracións) ·

Baía Edicións, 2009 ·

52 páx · 7 euros



ción e as ilustracións; o cualitativo, grazas ao texto; e o dos contidos, pois aínda que o emprego de animais como personaxes non supón unha novidade, si o é a idea operística arredor deses animais que, ademais, fuxindo do ton case increpatorio habitual nas fábulas, non lanzan máis ca unha simple mensaxe: a liberdade. Unha liberdade, por certo, con revolución incluída, toque xenial de Xosé A. Neira Cruz para o final desta obra.

Coma sempre, tras a lectura da boa literatura para nenos e nenas non podo evitar pensar na inconveniencia dunha clasificación que, case por definición, afasta os adultos de obras fantásticas coas que pasar un bo tempo e, sobre todo, coas que ter a oportunidade de volver á visión do mundo da infancia, iso que sempre admirei nos escritores para rapaces. Pois, ás veces, é moito máis reveladora a sinxeleza esmagadora das obras infantís cá complicación tráxica das historias dos adultos. Velaí o que sempre nos ofrece a literatura de Neira Cruz que agora, por sorte para o teatro galego, camiña paseniño, tamén, polos escenarios. // **Inma López Silva**